

PLAN DE ACTUACIÓN PARA O ANO 2025

1. QUÉ É A FUNDACIÓN CITIC DE GALICIA

A **Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions de Galicia** (Fundación CITIC) é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de natureza pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

A Fundación CITIC é un medio propio instrumental e de servizo técnico da Universidade da Coruña, do Concello da Coruña e das entidades instrumentais de ambas, coa finalidade de contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade do sector TIC de Galicia.

2. OBXECTIVOS DA FUNDACIÓN

A Fundación CITIC ten por finalidade a contribución ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade do sector das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) de Galicia mediante o fomento da excelencia na investigación e a transferencia de tecnoloxía, así como a produción, promoción, asesoramento e divulgación do coñecemento, no campo das TIC, e a formación de persoal experto no devandito campo.

Para o cumprimento deste fin, tal e como queda reflectido no artigo 5.1 dos Estatutos, a Fundación desenvolverá as seguintes actividades:

- Realización de proxectos de investigación e consultaría financiados con fondos propios ou procedentes de convocatorias competitivas.
- Realización de proxectos de investigación, innovación ou consultaría financiados por contratos de empresas ou entes ou administracións públicas.
- Xestión de proxectos de investigación e consultaría técnica financiados por convocatorias competitivas ou por empresas e administracións que desenvolva o CITIC.
- Coordinación de grupos ou outros axentes en proxectos de investigación ou innovación en convocatorias públicas, nacionais ou internacionais, fomentando a relación entre os grupos universitarios e axentes públicos ou privados.
- Difusión dos resultados da investigación e a transferencia a través de cursos, xornadas ou encontros.
- O fomento das colaboracións con outros centros de I+D+i, públicos ou privados, especializados no sector das TIC.
- O establecemento de colaboracións e outros mecanismos de cooperación con administracións públicas e o sector privado, para a mellora na súa capacidade tecnolóxica.
- Favorecer o tránsito desde a investigación á transferencia de tecnoloxía dos



Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions en Galicia.

Código Seguro De Verificación	rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	30/12/2024 13:50:49
Observacións	Pablo No Couto	Asinado	30/12/2024 12:11:38
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Páxina	1/6
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



grupos de investigación adscritos ao CITIC.

- i) Organizar e participar en eventos nacionais ou internacionais no ámbito do obxecto e fins fundacionais.
- j) Promover a relación entre o CITIC, a Facultade de Informática da UDC e o sector produtivo, e outros centros de investigación, para crear un polo de I+D+i no ámbito das TIC en Galicia.
- k) Promover a creación de todas as infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do CITIC da UDC.
- l) Calquera outras actividades similares ou análogas ás enumeradas nas alíneas anteriores, que o Padroado considerar de interese para a consecución do obxecto fundacional.

3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Para levar adiante o Plan de actuación, atendendo os obxectivos que se citan no apartado anterior, a Fundación está organizada do seguinte xeito:

a) Padroado

Fixa as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles e aproba o Plano de actuación e os orzamentos no mes de decembro.

Antes do final de xuño realiza un seguimento dos mesmos, aprobando ao mesmo tempo a memoria e o peche das contas do ano anterior.

O Secretario do Padroado encárgase da súa secretaría: convocatoria formal e certificación dos acordos do Padroado, a custodia de toda a documentación, expedir as certificacións e os informes que sexan necesarios e todas aquelas contidas na Lei 12/2006.

b) Presidencia

O Presidente e a Vicepresidente realizan o seguimento do período anterior e supervisa a planificación do período seguinte.

De xeito extraordinario reúnese para abordar temas urxentes e que requiran a súa aprobación.

Neste área aglutínase o labor de relación con patróns e colaboradores.

c) Consello Asesor

O Consello Asesor é un órgano colexiado de información, consulta e participación da Fundación cuxos obxecto e misión son servir de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

d) Director Xerente

Persoa responsable de dirixir e xestionar todas as actividades e operacións da entidade. As súas funcións inclúen a administración dos recursos financeiros, a supervisión do persoal, a implementación de estratexias para cumprir a misión da fundación e a consolidación de relacións con socios e colaboradores.



Código Seguro De Verificación	rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	30/12/2024 13:50:49
Observacións	Pablo No Couto	Asinado	30/12/2024 12:11:38
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Páxina	2/6
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



e) Estrutura de Xestión

Para as súas actividades a Fundación apoiarase nas áreas funcionais e administrativas, aspecto recollido no convenio de colaboración entre a UDC e a Fundación:

- Área Económica e Administrativa: encargada da organización e execución dos programas de actividade promovidos pola Fundación. Nesta área aglutínase o labor de administración da Fundación, así como a relación con provedores.
- Área de Transferencia: encargada das actividades de transferencia de tecnoloxía, a través da sinatura de contratos de I+D+i e da colaboración con empresas.
- Área de Comunicación e Divulgación: encargada da difusión da actividade a través dos diferentes medios de comunicación, así como da organización de eventos, xornadas e congresos nos que participa a Fundación.
- Área de Internacional: no ano 2025, a Fundación CITIC ten previsto crear esta área, que se encargará de establecer colaboracións con institucións internacionais e de promover a participación en proxectos de I+D+i.

4. PLAN DE ACTUACIÓN

A Fundación CITIC de Galicia ten previsto para o exercicio 2025 desenvolver un plan de actuación enfocado en varios obxectivos clave que permitirán sentar as bases para a consolidación da entidade.

O obxectivo principal e máis importante é manter os servizos que se realizan no día a día, xunto coas accións e actividades das que a Fundación xa forma parte, sempre en cumprimento dos fines fundacionais..

O plan inclúe, como obriga dunha fundación, a reinversión de fondos en:

- Desenvolvemento de novas accións para iniciar novos proxectos ou accións aliñados coa misión da fundación.
- Ampliación das accións existentes para expandir as accións actuais, aumentando o seu alcance e mellorando os seus resultados.
- Mellora das instalacións, equipos e tecnoloxías para levar a cabo as súas actividades.
- Capacitación do persoal mediante a formación e desenvolvemento profesional do persoal, asegurando que estean ben preparados para levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.
- Difusión e Comunicación, para mellorar a visibilidade da súa misión e proxectos, atraendo así máis apoio e colaboración.

Outra ruta que trataremos de potenciar na Fundación é a busca de novas fontes de financiamento e colaboracións e tratar de manter as xa existentes.

A Fundación iniciará un proceso de mecenazgo, isto é, de busca de doazóns, patrocinios, colaboracións e achegas para apoiar as súas accións, actividades e obxectivos como entidade. Este esforzo poderá incluír:



Código Seguro De Verificación	rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	30/12/2024 13:50:49
Observacións	Pablo No Couto	Asinado	30/12/2024 12:11:38
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Páxina	3/6
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Identificación de posibles doantes e patrocinadores: realizar unha análise para identificar individuos, empresas e organizacións que poidan estar interesados en apoiar a misión da Fundación.
- Establecemento de alianzas estratéxicas: buscar colaboracións con outras entidades que compartan obxectivos similares para desenvolver proxectos conxuntos e maximizar recursos.
- Solicitudes de subvencións: preparar e presentar propostas a programas de subvencións e convocatorias públicas e privadas.

Este enfoque permitiría á Fundación reforzar e asegurar os recursos necesarios para levar a cabo as súas actividades e alcanzar os seus obxectivos de maneira sostible.

5. ACCIÓNS PREVISTAS 2025

A Fundación CITIC de Galicia ten previsto para o exercicio 2025 desenvolver un plan de actuación, mencionado no apartado 3., coa realización de accións e actividades, algunhas xa fixadas e planificadas, e outras que se tratarán de realizar durante o ano. Algunhas delas son as seguintes:

- Crearase unha nova **páxina web**, prevista para xaneiro, con información relevante, destacando proxectos e casos de éxito. Ademais, fortalecerase a presenza nas redes sociais, e potenciarase a difusión das actividades da Fundación para aumentar a súa visibilidade pública.
- A inicios de 2025, a Fundación incorporará a unha persoa na área de internacional. O obxectivo é aumentar a **visibilidade internacional**, establecendo vínculos con entidades nacionais e internacionais xa activas en proxectos. A medio prazo preténdese posicionar á Fundación como socia fiable en proxectos a pequena escala.
- A Fundación CITIC como ferramenta esencial para a internacionalización das súas actividades, ofrecerá **formación en idiomas** durante todo o ano.
 - Clases de inglés para mellorar as habilidades lingüísticas do persoal investigador e de xestión, facilitando a participación en proxectos internacionais e redacción de publicacións científicas.
 - Clases de castelán, para aquelas persoas da comunidade internacional que desexen mellorar a súa fluidez no idioma e en aras de facilitar a integración dentro do entorno de traballo e no ámbito académico.

A Fundación CITIC continuará a súa participación e apoio, nas accións realizadas polo CITIC, que poñen en valor á cidadanía como elemento clave para o desenvolvemento dos proxectos de investigación en TIC. Entre estas iniciativas, destacan a súa participación en:



Código Seguro De Verificación	rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	30/12/2024 13:50:49
Observacións	Pablo No Couto	Asinado	30/12/2024 12:11:38
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Páxina	4/6
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- **Talentos Inclusivos** (5ª edición): un proxecto continuo do CITIC en colaboración con ASpace, que ten como obxectivo é despertar vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) entre a mocidade e dar a coñecer a realidade da discapacidade a través de equipos colaborativos de traballo para resolver retos tecnolóxicos propostos por persoas con parálise cerebral.
- **XoveTIC** (VIII edición): un congreso anual que se celebra en outubro, dirixido a persoal investigador novel que presentan comunicacións orais ou pósteres sobre os seus traballos científicos no ámbito TIC. O obxectivo principal é crear un espazo de encontro para o debate científico e contribuír á formación dos participantes.
- **CITIC Cyber Competition (C3TF)**: na súa cuarta edición a celebrar en marzo, é un evento que consiste nunha competición con desafíos de ciberseguridade, destinada a estudantes que queren practicar e mellorar as súas habilidades neste campo.
- **Día da Ciencia na Rúa** de A Coruña e **CullerCiencia** en Culleredo, xornadas dedicadas a achegar a ciencia á cidadanía.

Estas iniciativas permitirán potenciar a investigación e a transferencia dos resultados de I+D+i á sociedade en xeral e ao mercado, consolidando a Fundación como un axente de referencia neste ámbito en Galicia e traballando para intensificar as colaboracións con outros axentes nacionais e internacionais.



Código Seguro De Verificación	rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	30/12/2024 13:50:49
	Pablo No Couto	Asinado	30/12/2024 12:11:38
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



6. ORZAMENTO

Táboa 1. Orzamento provisional Ingresos e Gastos 2025.

Previsión Ingresos-Gastos: 2025	
INGRESOS	2025
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	35.000,00
a) Cotas de usuarios e afiliados	0,00
b) Ingresos de patrocinadores e colaboradores	15.000,00
c) Subvencións, doazóns e legados imputados ao resultado	20.000,00
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil.	1.271.500,00
3. Outros ingresos	60.000,00
4. Ingresos financeiros	22.000,00
5. Ingresos extraordinarios	0,00
Total Ingresos	1.388.500,00

GASTOS	2025
1. Axudas monetarias e outros.	0,00
2. Consumos de explotación.	0,00
3. Gastos de persoal	440.000,00
4. Dotacións para amortización de inmovilizado.	4.000,00
5. Outros gastos	912.250,00
6. Variación das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables.	0,00
7. Gastos financeiros e gastos asimilados	0,00
8. Gastos extraordinarios	0,00
9. Imposto sobre sociedades	0,00
Total Gastos	1.356.250,00

Resultado I - G:	32.250,00
------------------	-----------



Código Seguro De Verificación	rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	30/12/2024 13:50:49	
	Pablo No Couto	Asinado	30/12/2024 12:11:38	
Observacións		Páxina	6/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/rtUodMfrfo1Xi0VV3W4Kzg==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			